

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 25 DE ABRIL DE

2013

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e cinco de abril de dous mil trece, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M^a Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M^a Olga Santos López, de EU; dona M^a Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Non asisten, con escusa, dona Margarita Iglesias Pais, do PSdeG-PSOE, e don José Antonio Orosa Fernández, de UxC.

Asisten dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Antes de comezar a sesión, o Sr. alcalde desculpa as ausencias da concelleira do PSdeG-PSOE e do concelleiro de UxC, e dá a benvida a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 28 de febreiro de 2013, sesión extraordinaria do día 14 de marzo de 2013, sesión extraordinaria e urxente do día 18 de marzo de 2013 e sesión ordinaria do día 4 de abril de 2013

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 28 de febreiro de 2013, sesión extraordinaria do día 14 de marzo de 2013, sesión extraordinaria e urxente do día 18 de marzo de 2013 e sesión ordinaria do día 4 de abril de 2013.

Non se formulan alegacións polo que, a Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou os citados borradores.

2º Toma de coñecemento e proposta de rectificación de erro material detectado na táboa correspondente á relación de postos de traballo aprobada polo Pleno

da Corporación o día 4 de abril de 2013

Visto o informe do xefe da unidade de Réxime Interior de data 19 de abril de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 23 de abril de 2013.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Levar a cabo a corrección dos erros materiais detectados na táboa resumo da relación de postos de traballo aprobada polo Pleno da Corporación o 4 de abril de 2013, modificando a dita relación tal e como se transcribe a continuación:

A- No posto de traballo adscrito a “Urbanismo e Réxime Interior” de “informático auxiliar” figura na casa “subg.” como “C2”.

Debe figurar: “C1”

B – No posto de traballo adscrito a “Urbanismo e Réxime Interior” de “operario parque móbil e inmobles” suprimir da casa “Observacións” D.D.H.

Segundo: Publicar no *Boletín Oficial da Provincia* a modificación citada.

3º Proposta de creación do servizo público municipal de depuración de augas residuais e a súa xestión de forma directa pola sociedade mercantil de capital público denominada EDAR BENS, S.A.

Vista a proposta da Alcaldía de data 19 de abril de 2013 que se transcribe literalmente a continuación:

“1.- A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil construíu a planta depuradora de augas residuais e emisario submarino de Bens, encomendándolle por medio de convenio asinado o 17 de xaneiro de 2011 a súa xestión, mantemento e conservación ao Concello da Coruña, coa obrigação, segundo se fai constar no expoñendo segundo, e na cláusula sexta, apartado 8, do dito convenio, de que haberá de prestar o servizo de depuración, saneamento das augas residuais, do propio Concello da Coruña, ademais das provenientes dos municipios de Arteixo, Cambre Culleredo e Oleiros.

2.- Con data 22 de marzo de 2013 rexístrase de entrada ao núm. 3727, informe da asesoría xurídica da Xunta de Galicia emitido o 18 de marzo de 2013 en relación coas competencias das entidades locais en materia de depuración de augas residuais.

3.- Coa mesma data rexístrase de entrada ao núm. 3728, escrito remitido por EMALCSA onde se fai constar:

- que ante as dúbidas xurdidas en relación co asunto de referencia, acordaron e propuxeron para a súa aprobación, entre outras:

- a creación do servizo de depuración de augas residuais en cada concello
- tomar participación na sociedade pública mercantil, e declárala medio propio de cada concello (EDAR BENS, S.A.)
- encomendar a EDAR BENS, S.A. a prestación do servizo municipal de depuración de augas residuais”

- que cada concello vai prestar o servizo de depuración de augas residuais mediante xestión directa e medio propio, nunha sociedade mercantil na que un socio, EMALCSA, ten encomendado o mantemento e explotación da planta que é necesaria para prestar parte do dito servizo, pois tamén son necesarias outras plantas depuradoras (Arteixo e Oleiros), así como os bombeos xerais.

- que para dar cumprimento aos acordos anteriores, nos próximos días levarase a cabo a modificación dos estatutos da sociedade para:

- a) Modificar o seu obxecto social introducindo “a prestación do servizo de depuración de augas residuais” con carácter supramunicipal.
- b) Plasmar o novo reparto accionarial trala entrada de cada concello.

4.- Como conclúe o informe da asesoría xurídica da Xunta de Galicia emitido o 18 de marzo de 2013 en relación coas competencias das entidades locais en materia de tratamento e depuración de augas residuais, o Concello de Cambre ten a competencia para prestar o servizo de depuración das augas residuais:

“En definitiva, tanto a lexislación básica estatal, como a lexislación de réxime local en Galicia, establecen que os municipios teñen competencias en materia de depuración ou tratamento de augas residuais. A concreción das competencias na materia corresponde á lexislación sectorial, estatal e autonómica que, dentro do marco competencial se dite. A lexislación sectorial deberá concretar as competencias atribuídas ás entidades que integran a administración local, respectando sempre a "garantía institucional" constitucionalmente recoñecida. corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia. (.../...)Tendo en conta o sinalado anteriormente pode concluírse que a LAG [Lei 9/2010, do 4 de novembro de augas de Galicia] atribúe aos municipios de Galicia, con carácter xeral a competencia en materia de tratamento de augas residuais. A dita competencia está suxeita ás potestades de planificación, inspección e control dos servizos de depuración, o que non afecta á titularidade da competencia, que é municipal. A excepción ven constituída polas competencias en relación coas infraestruturas de depuración que se declaren de interese xeral da Comunidade Autónoma e que formen parte do Plan Galego de Saneamento (PGS). Ata que non se inclúa unha infraestrutura determinada no dito plan, a competencia para a súa xestión seguirá a ser municipal.”

5.- De conformidade co disposto no artigo 85 da Lei de bases do réxime local, os servizos públicos locais poderán xestionarse pola propia entidade local (mediante organismo autónomo local, entidade pública empresarial local ou sociedade mercantil local, cuxo capital social sexa de titularidade pública) ou mediante xestión indirecta, mediante as formas previstas para o contrato de xestión de servizos públicos na Lei de contratos do sector público.

O Concello da Coruña creou a sociedade mercantil de capital público denominada EDAR BENS, S.A. para a xestión da planta de tratamento de augas residuais de Bens, infraestrutura fundamental para a prestación do servizo de tratamento de augas residuais. De acordo co disposto na Lei de contratos, as administracións poderán encomendar a realización dunha determinada prestación a entidades que teñan atribuída a condición de medio propio e servizo técnico delas que cumpran os requisitos enumerados polo apartado sexto do artigo 24 do referido texto legal, considerándose estes negocios como excluídos da devandita lei. O artigo 24 dispón que a condición de medio propio e servizo técnico das entidades deberá recoñecerse expresamente polos seus estatutos, que deberán determinar as entidades respecto das cales teñen esta condición e precisar o réxime de encomendas que se lles poidan conferir.

6.- Tendo en conta que segundo o Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia, os servizos de saneamento e depuración de augas esixen dunhas certas relacións interadministrativas, por canto as entidades locais son entidades xestoras (Administración pública que teña encomendada a xestión de cada un dos sistemas públicos de saneamento e depuración de augas residuais, de acordo co disposto nos artigos 26 e 27 da Lei 9/2010, de augas de Galicia, e con independencia de que o servizo se preste directa ou indirectamente) dos sistemas públicos de saneamento.

Por todo canto antecede, propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Crear o servizo público municipal de depuración de augas residuais.

Segundo: Establecer que a xestión do servizo de depuración de augas residuais se levará a cabo de forma directa pola sociedade mercantil de capital público denominada EDAR BENS, S.A. como medio propio e servizo técnico do Concello de Cambre de cuxo accionariado formará parte este concello mediante a adquisición dunha porcentaxe do capital social da sociedade. Este acordo queda condicionado a que se modifiquen os estatutos de EDAR BENS S.A., recoñecéndose neles a condición de medio propio e servizo técnico deste concello e recollendo o tipo de encomendas que se lle poden encargar á empresa e en que condicións.

Terceiro: Adquirir da sociedade EDAR BENS, S.A. 70 accións, de 60 euros de valor nominal que ascende a un importe total de 4.200 euros, e que é equivalente ao 7% do capital social.

Cuarto: Delegar no alcalde da Corporación o nomeamento dos representantes nos órganos da sociedade, Xunta Xeral e Consello de Administración e facultar ao alcalde para a sinatura de todos cantos documentos sexan precisos para a execución deste acordo.”

Visto o informe conxunto emitido pola secretaria e pola interventora municipais en data 18 de febreiro de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo de data 23 de abril de 2013.

Vista a emenda ao citado ditame presentada polo Sr. alcalde, rexistrada de entrada ao núm. 5281 o día 24 de abril de 2013, que consta do seguinte teor literal:

“Na Comisión Informativa de referencia ditaminouse favorablemente a creación do servizo público municipal de depuración de augas residuais, establecendo a súa xestión directa pola sociedade mercantil de capital público denominada EDAR BENS, S.A. como medio propio e servizo técnico do Concello de Cambre, delegando no alcalde o nomeamento dos representantes nos órganos da dita sociedade.

O grupo municipal do PSdeG-PSOE condicionou o voto a prol da proposta de Alcaldía sempre e cando se modificara a dita proposta para incluír a creación do servizo de transporte, establecendo que a xestión das instalacións relativas a este se leve a cabo de forma directa pola sociedade mercantil, tal e como se fixo no Concello de Oleiros, así como á eliminación da facultade do alcalde para o nomeamento dos representantes.

Polo enxeñeiro de camiños municipal emitíuse informe no día de hoxe, no que se relacionan como instalacións municipais vinculadas á rede de saneamento de fecais, 14 estacións de bombeo de augas residuais e seis caudalímetros.

Polo tanto, en virtude do establecido no artigo 115.1 e) do ROM respecto do concepto de emenda, preséntase a seguinte proposta de modificación do ditame en canto aos seus apartados Primeiro, Segundo e Cuarto, tal e como se transcribe a continuación:

Primeiro: Crear o servizo público municipal de transporte e depuración de augas residuais ao que están adscritos, a día de hoxe, as seguintes instalacións municipais:

A) Estacións de bombeo de augas residuais:

- Temple
- Telva
- Ponte Cela (antiga)
- Cela (nova)
- Piñeiro Brexo
- Canal Peirao
- Galiñeiros
- Sobreguexe
- Aían Sigrás

- Anceis
- Seoane Anceis
- San Lourenzo
- A Fraguíña
- Bribes

B) Caudalímetros de augas residuais:

- Temple
- Paxariñas Gaitero
- Aián Sigrás
- Altamira
- Pontido (Cornedo)
- A Xira

Segundo: Establecer que a xestión do servizo de transporte e depuración de augas residuais levarase a cabo de forma directa pola sociedade mercantil de capital público denominada EDAR BENS, S.A. como medio propio e servizo técnico do Concello de Cambre de cuxo accionariado formará parte este concello mediante a adquisición dunha porcentaxe do capital social da sociedade. Este acordo queda condicionado a que se modifiquen os estatutos de EDAR BENS S.A., recoñecéndose neles a condición de medio propio e servizo técnico deste concello e recollendo o tipo de encomendas que se lle poden encargar á empresa e en que condicións.

Cuarto: Correspóndelle ao alcalde, no exercicio das competencias que lle atribúen o artigo 21.1 r) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 61.1 e) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, respecto da execución e cumprimento dos acordos municipais, asinar cantos documentos sexan precisos para a execución deste acordo.”

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta, en primeiro lugar, que en absoluto están de acordo coa emenda, sobre todo na exposición de motivos, cando se fai a manifestación de que o grupo municipal do PSdeG-PSOE condicionou o seu voto a prol da proposta da Alcaldía, a que se modificara a dita proposta. Di que eles non condicionaron de ningunha forma o seu voto, o que si fixeron foi unhas suxestións que entendían que se podían recoller no caso de que se considerase o servizo de depuración de augas como servizo municipal de augas.

Expón que, tal e como estaba a proposta recollíase soamente a delegación e creación do servizo público de depuración de augas, e o seu grupo entendía que tamén se podía incluír o transporte das augas residuais, con independencia da súa forma de xestión, isto é, a forma de xestión sería como consecuencia de que se considere que o servizo é un servizo de carácter municipal, e polo tanto que o concello ten competencias para crealo, ou non. Se ten competencias para crealo, e o Pleno así o considera, viría todo o de delegar a súa xestión na empresa EDAR BENS, S.A., e se consideran que o servizo non é de carácter municipal, entón tería que conveniarse, parece que esa sería a fórmula, con Augas de Galicia, o ente autonómico xestor da política hidráulica a nivel autonómico. Di que en ambos casos entendían que non só se

debía dar o servizo en materia de depuración de augas, senón tamén tería que incluírse o transporte.

Conclúe dicindo que iso é o que queren dicir en canto á emenda, no que se refire á proposta, manteñen o voto emitido na comisión informativa, abstención.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que hai uns informes en contra da interventora e da secretaria respecto do tema da EDAR de Bens, e non ven claro que, sendo unha competencia en principio autonómica, sendo unha obra do Estado onde se pasa a xestión á comunidade autónoma, esta a pase á súa vez ao Concello da Coruña, o Concello da Coruña a Emalcsa e agora a EDAR BENS, S.A.

Tendo en conta os informes técnicos en contra, ademais de que non viron un estudo de custos sobre o que lles vai custar aos veciños e veciñas de Cambre, que se estima en 28 céntimos/m³, aínda que, en principio, tampouco saben como se vai cobrar, o que lles parece é que do que se trata é de montar outra empresa. Están de acordo no fondo do asunto, en que se teñen que tratar as augas residuais, pero non na forma. Se se ten feito mal habería que volver a comezar dende o principio e facelo ben, polo tanto, o seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que eles queren reiterar o manifestado na comisión, e, polo tanto, non van cambiar o seu posicionamento respecto deste punto. Queren insistir no que comentaron o outro día, que EU está a prol de que se depuren as augas, de que non haxa contaminación na ría e nos ríos, e como dixo o outro día que non haxa porcallada polas cunetas.

Di que o problema que se destapa neste tema son os dous informes que entran en contradición, un informe emitido polos técnicos da Xunta de Galicia onde se di que os concellos si son competentes para que esa sociedade faga as depuracións dos residuos sólidos, e un informe feito polos funcionarios do Concello de Cambre, a secretaria e interventora, que está en contraposición co da Xunta de Galicia, onde din que Cambre non é competente para asumir ese servizo, e, polo tanto, que lle corresponde á administración autonómica a responsabilidade deste tema. Por conseguinte, di que eles non van votar nin a prol nin en contra, van manter o voto de abstención que emitiron na comisión informativa.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que o seu grupo, como xa votou o martes na comisión informativa, van manter o voto en contra, simplemente baseándose no informe das dúas técnicas municipais, é dicir, tanto da interventora como da secretaria. Baseándose nese informe, onde din que non hai competencias municipais neste tema, que é competencia do Estado e das comunidades autónomas, van manter o seu voto en contra.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que o seu voto vai ser a prol.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que non pode máis que estar perplexo co que sucede con este asunto nos distintos concellos da área metropolitana, é dicir, trátase

dunha proposta da Alcaldía para adherirse a unha sociedade, e el non vai discutir o trámite de cesión da EDAR de Bens ao Concello da Coruña por parte do Estado, iso non o vai discutir, pero niso é no que se basea o informe da secretaria e da interventora. Explica que hai un posterior informe de Augas de Galicia, da Xunta de Galicia, no que se di que non hai ningún problema xurídico en adherirse á depuradora cedida ao Concello da Coruña, na cal, todos os concellos da área metropolitana, é dicir, Arteixo, Culleredo, Cambre e Oleiros, están vertendo as augas.

Continúa dicindo que aquí só se trae a pleno a adhesión á sociedade EDAR BENS, S.A., esa é a proposta, é a mesma proposta que leva Culleredo e é a mesma proposta que levou A Coruña. O que lle parece incongruente é que o partido socialista en Culleredo, conxuntamente co BNG, voten a prol, e en Cambre voten en contra, el non o pode entender. O Concello de Oleiros tamén votou a prol e, ademais, non votou soamente a adhesión á empresa, senón que incluíu a cesión das depuradoras e os equipos de bombeo que ten. Cambre non ten depuradoras, pero si que ten equipos de bombeo, polo que el recolleu a proposta feita nas comisións polo partido socialista, e trouxo tamén os bombeos.

Di que, unha vez que entren na xunta xeral da EDAR BENS, S.A., cun patrimonio de 130 millóns de euros investidos, no que Cambre participaría co 7%, que son 4.200 euros, terán voz e voto na xunta xeral da empresa, e poderán tomar decisións do que se fai, ou polo menos elevar a súa protesta. Agora soamente se trata de entrar na sociedade EDAR BENS, S.A., se Cambre queda fóra, pois queda fóra, non lle van prohibir seguir vertendo.

Por outra parte, el non pode traer aquí, como dicía o Sr. García Patiño, un estudo de custos, porque aínda non se tomou a decisión, fíxose un estudo teórico do que está custando agora, pero non quere dicir que iso sexa o custo da taxa final.

Segue a dicir que de verdade que se atopa perplexo, porque Cambre vai ser o único concello da área metropolitana que se quede fóra deste servizo. El leu o informe da secretaria de Culleredo, e sabe que tamén está no mesmo sentido que o informe de Cambre, porque é un informe xurídico, pero el non vai entrar a valorar se foi ben cedida a depuradora por parte do Estado á Confederación Hidrográfica de Galicia, ou non, el non vai entrar nesa valoración, porque el non é xurídico. A secretaria de Culleredo e a secretaria de Cambre entraron nesa valoración, ben, pero hai un informe posterior da Xunta de Galicia, de Augas de Galicia, aclarando eses termos.

Conclúe dicindo que sería unha mágoa que Cambre quedara fóra da sociedade de tratamento de augas residuais, sería unha mágoa, e el pon este tema simplemente en consideración, pero ten que someterse, loxicamente, ao que decida o Pleno, que é plenipotenciario para decidir se Cambre entra ou non entra, pero a el resúltalle incongruente que partidos como o BNG e o PSOE, en Cambre voten non, e en Culleredo voten si.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que a súa intervención foi feita en clave da emenda presentada polo grupo de goberno, o alcalde agora centrouse no fondo do asunto, e se quere el tamén entra nese fondo. Di que isto non é tan sinxelo e tan simple como o Sr. alcalde o presenta, a cesión ou non á empresa é

un problema de legalidade, e as dúas persoas que están a carón do alcalde, técnicas moi competentes, fixeron un informe, na súa opinión bastante mellor fundamentado que o da Xunta de Galicia, no que se di que non é competencia municipal a xestión da depuración de augas residuais, que é unha competencia autonómica, e a partir de aí vén todo o demais, e ao grupo socialista de Cambre non lle importa o que poidan estar facendo en Culleredo ou noutros concellos, porque eles atínxense á legalidade.

Pídelle que non cree alarmismo aos veciños, porque as augas vanse depurar, o que hai que mirar é quen as depura, quen é competente, se é o Concello de Cambre, e polo tanto poden formar parte do capital social de EDAR BENS, S.A., e que esa empresa xestione as augas residuais, ou se é competencia autonómica, e será Augas de Galicia, vía convenio co Concello de Cambre, quen teña que dar unha solución. Volve pedir que non alarmen.

Continúa dicindo que o Sr. alcalde manifestou que o partido socialista tiña votado que non, el cre que ao tema da emenda se teñen abstido. Reiteran que, en liña co establecido no informe das técnicas municipais, entenden que a administración competente para xestionar ese servizo é a administración autonómica, isto é, a Xunta de Galicia por medio do seu organismo autónomo, Augas de Galicia. Esa é a súa consideración en función de toda a información que se lles teñen facilitado e dos informes que teñen lido e intentado interpretar na súa totalidade.

Polo tanto, entenden tamén que Augas de Galicia vai ser o organismo competente para a explotación e mantemento das instalacións precisas para xestionar ese servizo, e iso, a teor do artigo 32 da Lei de augas de Galicia, por iso consideran que non corresponde ao Concello de Cambre a creación do servizo público municipal de depuración de augas residuais, porque non é a súa competencia, e, polo tanto, tampouco establecer que a súa xestión se realice por EDAR BENS, como medio propio ou servizo técnico do Concello de Cambre.

Di que reiteran, e de aí é de onde viña a súa suxestión de emenda, que é obriga do goberno municipal que á hora de convenir o servizo de depuración de augas residuais coa administración hidráulica autonómica, como eles entenden e se ese fora o caso, se inclúa tamén a xestión e a explotación do transporte, neste caso os 13 bombeos que teñen en Cambre.

Son conscientes da complexidade do tema, é un tema xuridicamente complexo, no que se enfrontan valoracións xurídicas nun sentido e noutro, pero de todas formas corresponde ao goberno municipal a obriga de buscar a solución adecuada, que partindo de que resulte axustada a dereito, porque cre que todos estarán de acordo en que esa medida se adecúe á legalidade vixente, sexa a máis eficaz e, ao mesmo tempo, a menos gravosa para os veciños, ou sexa, el cre que a isto hai que darlle aínda máis voltas, e non porque outros concellos o fagan, que na súa opinión se equivocan, vai ter que entrar Cambre nun modelo de xestión que parece que legalmente non é o procedente.

Di que solución si que hai, pero cre que teñen orientado mal os tiros, haberá que dirixir isto cara a Augas de Galicia, subscribir un convenio con eles en canto á xestión, e

será Augas de Galicia quen encargará a xestión e o tratamento das augas residuais a quen considere oportuno, neste caso entende que será a propia EDAR BENS.

Conclúe dicindo que esa era a súa intención, aclarar un tema tan caótico como o que hoxe lles trae aquí, pide que non caian en análise nin propostas simplistas, é un tema moi complexo.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto manifesta que, por alusións, concretamente por alusións ao BNG de Culleredo, cre que eles están en Cambre. En todo caso, di que a ela o Sr. alcalde sorpréndelle moitísimo, pleno a pleno cada vez a deixa máis abraiada, hoxe acaba de deixala coa boca aberta. Pide que lles diga onde ten a bola de cristal, ou se é que ten poderes, porque ao mellor ten poderes e eles non o saben, e se é así, pide que, entón, que os utilice para beneficio de todos os veciños, porque o pleno de Culleredo empeza hoxe ás 20:30 horas, son as 20:20 horas e o Sr. Rivas xa lles está dicindo, non o que vai facer o PP, senón o que vai facer o BNG. Pensa que ese é un futurible que o Sr. alcalde se saca da manga para descualificar cando non hai argumentos, porque se houbera argumentos, se tivera nas súas mans un informe técnico, feito polos funcionarios, entón non lle faría falta acordarse do BNG de Culleredo, pero como non ten argumentos, descualifica, iso é moi fácil, e iso normalmente o que demostra é a falta de argumentos, a falta de credibilidade, como non sabe o que dicir, pois entón empeza a repartir, a ver os de Culleredo, a ver os outros, como se lle dá por nomear ao BNG de Carballo ou de onde sexa.

Dille ao Sr. Rivas que, ademais, utiliza moitas veces, e consta así en acta, que a pesar do que fai o PP en Madrid, ou o que fai o PP noutro sitio, el non é, como lles dixo un día, unha delegación do PP, do seu partido, en ningún sitio, esas son palabras textuais, o PP de Cambre non é unha delegación do PP de Madrid, nin do PP de Santiago.

Pídelle que sexa coherente, que utilice argumentos máis consistentes, porque esa é unha descualificación gratuíta que ofende a intelixencia de todos os que están presentes.

Iso por unha banda, e por outra banda, o BNG en Cambre, nin cando estea na oposición, nin cando governe, vai sacar adiante nada co informe en contra dos técnicos municipais, iso politicamente é un atrevemento que os deixa abraiados, porque o goberno municipal ten moita gallardía para asinar algo co informe das señoras que o Sr. alcalde ten sentadas á súa dereita e á súa esquerda, en contra.

Pídelle que, en vez de meterse con eles sen argumentos, que utilice argumentos para que os seus funcionarios lle fagan informes favorables, que o goberno municipal, no que son todos tan letrados, utilice argumentos, poña a lexislación tanto europea, como estatal, como a da Xunta enriba da mesa, e que lles dean argumentos aos seus funcionarios para que fagan informes favorables.

Conclúe dicindo que fala de informes favorables e desfavorables, porque unha vez dixo negativo, e dixéronlle que non era negativo, pero di que si, que é negativo, contrario e desfavorable.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que cren que este proceso empezou mal, e, evidentemente, non vai rematar demasiado ben. Dálles a sensación de que a Xunta de Galicia tiña un problema gordo e, neste caso, quíxollelo traspasar aos concellos. Aí están os informes, e o Sr. alcalde debería ter en conta os informes das súas técnicas, polo menos un respecto a eles, polo menos debería recoñecer que fixeron un grande esforzo e uns bos informes, cre que iso hai que recoñecelo.

Con respecto ao que di o Sr. alcalde dos demais concellos, por exemplo Oleiros aprobou moitísimas cousas que en Cambre non se teñen aprobado, de suma importancia tamén, así que lle pide que non lles poña eses exemplos, concretamente o de Oleiros, porque a el o que faga Culleredo ou faga Oleiros, cada un é moi libre de decidir, como grupo, como Corporación e como concello, e as secretarías emitirán os informes que queiran. El, neste caso, faille caso aos informes da Secretaría e Intervención municipais, porque para el son fundamentais, e a el ninguén lle pode dicir que aprobou unha cousa con informes en contra, ninguén, e, polo tanto, o seu grupo segue mantendo o voto.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle ao Sr. Rey que ten razón en canto a que non votaron en contra, senón que se abstiveron, está de acordo. En canto á proposta de incluír os bombeos foi do PSOE, porque Oleiros tamén o tiña feito, e el, cando fixo referencia a Oleiros, foi nese sentido. El sabe que iso non era necesario incluílo, pero estivo de acordo en facelo porque así aforraban ter que traelos o día de mañá a pleno para logo cedelos á depuradora de Bens, por iso estivo totalmente de acordo. Agora, segue dicindo que é unha mágoa o que pasa, contando cun informe da Xunta de Galicia que todos teñen no seu poder, do día 22 de marzo, un informe xurídico fundamentado, onde se di que non hai nada ilegal.

Di que a depuradora de Bens está na Coruña, igual que o encoro de Cecebre está en Cambre, e non por iso é ilegal, e A Coruña bebe auga do encoro de Cecebre, e Cambre verte augas residuais na depuradora de Bens. Do que se trata é de que as competencias da depuración de augas, de acordo que as ten Augas de Galicia, a comunidade autónoma, pero se fan unha obra como a depuradora de Bens para que os concellos vertan nesa depuradora, é normal que poidan adherirse a ese convenio ou a esa cesión que asinaron co Concello da Coruña, para que os concellos da área metropolitana, limítrofes, poidan verter aí.

El non di nada máis, ou se adhiren á sociedade, ou non se adhiren, ninguén lles vai prohibir verter, el non asusta a ninguén, van poder verter, pero non é o mesmo estar dentro da sociedade, con voz e voto, que estar fóra, e iso sábeno todos.

Respecto da bola de cristal da que falou a voceira do BNG, el tenlle que dicir que el non ten ningunha bola de cristal, el simplemente le e comunícase coa xente, e as comisións de Culleredo xa foron, e o BNG dixo que ía votar a prol. El pon na súa boca o que dixo o BNG.

A voceira do BNG di que non é así.

O Sr. alcalde responde que terá razón, que ao mellor el le unha prensa distinta á que len eles, seguramente.

En canto ao que dixo o Sr. Taibo, el está de acordo, o informe das funcionarias el non o vai discutir, é irreprochable. Culleredo ten o mesmo informe, exactamente o mesmo, pero é un informe xurídico sobre a xestión da cesión que fixo o Estado á comunidade autónoma, e a comunidade autónoma ao Concello da Coruña, simplemente, non é que o informe da secretaria sexa desfavorable en canto a que se poidan adherir ou non, é simplemente un informe xurídico. Se len o informe da Xunta de Galicia, que todos teñen, e o da secretaria, poden ver que non son coincidentes, de acordo, son distintas interpretacións, pero unha vai nun sentido e outra noutro.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que o Sr. alcalde, unha vez máis, reitera o tema da adhesión ou non á empresa EDAR BENS, esa é a conclusión última, pero lémbrale que o primeiro punto era a creación do servizo público municipal de transporte e depuración de augas residuais, e para crear ese servizo, teñen que ter competencias. O Sr. alcalde o acaba de manifestar, as competencias en materia de tratamento de residuos, son autonómicas, díxoo hai un rato, e eles así o entenden, e as técnicas municipais así o entenden, e a partir de aí vén todo o demais, e, dende logo, eles quédanse cos criterios de legalidade que establecen as técnicas municipais no seu informe, que reitera que lle parece bastante mellor fundamentado que o que fai o letrado da Xunta de Galicia, tanto na extensión como na fundamentación xurídica, parécelle infinitamente mellor.

Di que ao mellor acabarán, que será o máis adecuado, e o lóxico, na EDAR BENS, pero o vehículo xurídico que os ten que levar a esa conclusión é diferente, se é competencia autonómica, como o seu grupo defende, e as técnicas municipais tamén defenden, tería que ser vía convenio con Augas de Galicia, e senón, pídlle que pregunte ás técnicas cal sería a solución a este problema. Se se considera unha competencia municipal, aínda que o Sr. alcalde acaba de dicir que non o é, evidentemente, si se podería crear o servizo, pero da documentación que lles facilitaron, e do informe das técnicas municipais, despréndese que non é unha competencia municipal, a partir de aí, vén todo o demais.

Conclúe dicindo que vai haber unhas demoras, por suposto, pero que a Xunta de Galicia, como moi ben dixo o compañeiro de EU, non faga deixación das súas responsabilidades, porque fixo unha lexislación, a Lei de augas, na que se queda digamos coa planificación e control das políticas hidráulicas en Galicia, pero pásalle todo o molesto aos concellos, e non poden admitir iso, entre outras cousas porque non é legal, e a quen haberá que dirixirse con ese problema é a Augas de Galicia, para buscar a solución.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que quere volver a subliñar a importancia que teñen os informes técnicos neste concello. Nesta Corporación a xente de Cambre é testemuña de que moitas veces, con base en informes técnicos, este concello deu algunhas licenzas en contra dunha gran parte da opinión pública, porque había uns informes previos feitos polos técnicos, e había que atendelos e facerlles caso. Di que, entón, se para algunhas cousas os informes son importantes, para eles neste caso non son menos importantes, e os informes para algo

valen. Evidentemente, os grupos da oposición, incluso os do goberno, non poden saber de todo, non poden ser avogados, arquitectos, peritos e saber de todo, para iso están os técnicos que lles informan, e a eles se remiten.

Conclúe explicando que el xa dixo o outro día nas comisións que o seu grupo, se os informes foran favorables, non ía ter ningún problema en votar a prol, o dixeron claramente, e seguen a dicilo. Insisten en que están a prol de que termine o ciclo da auga, están a prol de que se depuren as augas, como non van estar a prol, é máis, está facéndose con moitísimo atraso, porque xa non sabe cantas veces os aperciuiu a Unión Europea por non depurar os residuos.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto manifesta que ve moi afectado ao Sr. alcalde por este tema, entende que máis que polo feito de que Cambre non entre na empresa, será por fallarlle desta maneira ao seu compañeiro político, o Sr. Negreira, porque este é un convenio que fixo o Sr. Negreira e no que intenta meter a todos, a Cambre, a Culleredo, a Oleiros e a Arteixo. Di que o sente moito.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle á Sra. concelleira que non se equivoque con el, xa llo dixo máis veces, non sabe porque o ataca desa forma, e engade que el non está afectado, nin máis nin menos, el simplemente aplica o sentido común. Pode ser que o Sr. Rey teña razón, que o Sr. Taibo teña razón, porque el non é xurídico nin é avogado, non o pode interpretar, pode ser que os informes teñan razón, pero non por iso el lle vai fallar ao Sr. Negreira.

Continúa dicindo que el aplica o sentido común, e é normal que se hai unha gran depuradora na Coruña, toda a área metropolitana verta nela, que todos os concellos participen nesa sociedade e que se fagan cun patrimonio de 130 millóns de euros que están aí cedidos para a área metropolitana. Reitera que el simplemente aplica o sentido común, e pide que non se metan con el por iso, que el non lle falla a ninguén.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que, recollendo unha comparación que o Sr. alcalde fixo ao longo deste debate, respecto do encoro de Cecebre, e da mesma maneira que todos os concellos da área metropolitana depuran as augas nunha mesma EDAR e entenden que é lóxico que participen todos desa sociedade, el convida ao Sr. alcalde, non aquí, non agora, pero si a partir de aquí e a partir de agora, a que entenda como lóxico tamén, como primeira autoridade municipal en Cambre, que sería lóxico que participasen tamén dese outro organismo, neste caso a entidade de titularidade pública que goberna sobre as augas das que Cambre se abastece para a totalidade de usos, Emalcsa, cando ademais está neste concello, e que o alcalde de Cambre lidere esa demanda, para que o encoro de Cecebre non sexa gobernado, directa e indiscriminadamente pola Coruña, estando situado, como ben dixo, no Concello de Cambre.

En conclusión, que se entenden que é lóxico para o tema da depuración das augas, sexa tamén, e esa é unha demanda histórica do Bloque, para o consumo de augas.

O Sr. alcalde responde que terá que ser para outra.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que quere facer unha pregunta, porque quixo entender que o estudo de custos se fará despois.

O Sr. alcalde contesta que é o que ten entendido.

Don Óscar Alfonso García Patiño sinala que o Sr. alcalde sabe, porque ademais é empresario, que en calquera sociedade, antes de montar unha empresa, unha sociedade anónima como esta, o primeiro que teñen que saber é cal é o custo do produto. O Sr. alcalde dixo que Cambre ía entrar con voz e voto, co 7%, o que supón que non van decidir moita cousa, a maioría, se non entendeu mal, é do Concello da Coruña, polo tanto, poden quedar como clientes sen estar no accionariado, con voz.

Con respecto do contrato di que o seu grupo é consecuente, como fixo dende o principio da lexislatura. Expón que aquí se trouxo un contrato, como foi o contrato de lacería, co Consorcio das Mariñas, cos informes en contra das técnicas municipais, e eles votaron en contra, e precisamente por iso, hoxe volven votar en contra.

Toma a palabra o Sr. alcalde para explicar que os custos calculados son os custos teóricos que se fan nunha empresa, e o propio Sr. García Patiño os leu, son 0,28 céntimos/m³, iso é teórico, pero pode baixar ese custo, que é do que se trata, de que baixe. O máis seguro é que baixe, por unha sinxela razón, porque cando se monta unha empresaponse o custo sempre alto, para poder baixar e poder ofrecer mellores cousas no mercado, pero ben, esa non é a cuestión, iso terá que decidilo a sociedade anónima EDAR BENS, S.A. cando teña conformada a xunta xeral.

A continuación sométese a votación ordinaria a emenda presentada polo Sr. alcalde. Votan a prol os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM, votan en contra os dous concelleiros presentes de UxC e os dous concelleiros do BNG, e abstéñense os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os dous concelleiros de EU.

Así pois, a Corporación, por nove votos a prol, aprobou a emenda presentada polo Sr. alcalde ao ditame da Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo de data 23 de abril de 2013, que foi rexistrada de entrada ao núm. 5281 o día 24 de abril de 2013.

A continuación, sométese a votación ordinaria o ditame emitido pola comisión informativa o día 23 de abril de 2013, modificado pola emenda presentada polo Sr. alcalde. Votan a prol os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM, votan en contra os dous concelleiros presentes de UxC e os dous concelleiros do BNG, e abstéñense os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os dous concelleiros de EU.

Tendo en conta o resultado de nove votos a prol, non se cumpre coa maioría absoluta do número legal de membros esixida no artigo 47.2 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e, polo tanto, enténdese rexeitada a proposta de creación do servizo público municipal de depuración de augas residuais e a súa xestión de forma directa pola sociedade mercantil de capital público denominada EDAR BENS, S.A.

4º Mocións ou propostas urxentes

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezaoito votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE sobre os efectos da reforma legal, proposta polo Goberno de España, nos servizos sociais municipais

Rexistrada de entrada ao núm. 5137 o día 20 de abril de 2013. Consta do seguinte teor literal:

“O pasado 15 de febreiro de 2013, o Consello de Ministros aprobou o Anteproxecto de Lei de racionalización e sostibilidade da administración local, que pon en xaque a base do municipalismo e do modelo que ten garantizado a cohesión social do noso país durante os últimos 30 anos.

A reforma proposta polo Goberno supón un troco profundo na organización do sistema público dos servizos sociais, que afecta ao reparto e á relevancia da administración local no conxunto das actuacións do Estado, desposuíndoa de todas as súas facultades de acción neste ámbito, un dos máis importantes para construír unha comunidade e onde é esencial a proximidade para a prestación dos servizos.

O Goberno pretende facelo, ademais, nun momento en que as cifras de pobreza en España son cada día máis dramáticas. Na actualidade, 1 de cada 5 persoas viven non noso país por debaixo do albor da pobreza. De entre eles, máis de 2 millóns son nenos, como ten denunciado Unicef. Xa hai 3 millóns de persoas nunha situación de pobreza extrema. Incluso vivir na pobreza pese a ter un traballo, un soldo, é unha circunstancia en aumento en España segundo o primeiro informe sobre desigualdade en España presentado recentemente pola Fundación Alternativas. Nun contexto como o actual, é necesario potenciar os servizos aos que a cidadanía recorre en primeiro lugar para obter información e atención social e laboral. E esta primeira atención realizarase de maneira habitual nos servizos sociais municipais.

Concretamente, o Goberno do PP pretende limitar extraordinariamente as funcións de prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social dos consistorios á mera *“avaliación e información de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social”*, desnaturalizando por completo o sistema actual. Sen dúbida, o Goberno central está desprezando tanto a traxectoria histórica do sistema de servizos sociais, como a lexislación sectorial que os concreta e desenvolve no conxunto das comunidades autónomas ao longo dos últimos 25 anos, pasando por riba desta realidade consolidada nas actuais 17 leis de servizos sociais autonómicas, elaboradas co impulso e a aprobación parlamentaria de practicamente todas as forzas políticas.

De levarse a cabo nos termos propostos no anteproxecto, a reforma implicaría o peche de moitos servizos e o despedimento do persoal cualificado (traballadores e educadores sociais) que ata agora traballaba nos concellos. Segundo a última memoria do Plan concertado de prestacións básicas de servizos sociais de corporacións locais publicada polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, correspondente ao ano 2010, un 98% da poboación española ten dispoñibilidade de acceso aos servizos sociais de proximidade. A creación de postos de traballo foi realmente significativa, afectando, actualmente, a máis de 50.000 persoas, e con este esforzo orzamentario e de recursos humanos puidose atender a case 7 millóns de persoas.

Todo iso, provocaría unha deterioración na prestación dos servizos sociais e un aumento da ineficiencia e ineficacia ao pretender a súa estandarización, pola súa administración mecánica, repetitiva, burocratizada e asistencialista que é a única posible se se fai dende o alonxamento do medio máis próximo ao cidadán, perdendo a proximidade que ata agora é un sinal de identidade e garantía de calidade.

O certo é que na reforma local do PP adivínase o anhelado privatizador dos servizos sociais ao mencionarse explicitamente o obxectivo de *“favorecer a iniciativa económica privada evitando intervencións administrativas desproporcionadas”*. De feito, o texto do anteproxecto consagra unha visión exclusivamente economista das funcións mesmas do Estado, e en especial das entidades locais, ao citar a estabilidade orzamentaria como principio rector que debe presidir as actuacións de todas as administracións públicas, en vez de situar a atención aos cidadáns/ás e a calidade na prestación de servizos no centro da reforma.

Por todo iso, o grupo municipal dos socialistas de Cambre presenta para a súa consideración e aceptación polo pleno municipal as seguintes propostas de acordo:

Primeiro: Reafirmar a autonomía municipal, entendida como a capacidade de decisión en todos os ámbitos da vida cidadá, sen prexuízo da necesaria coordinación de competencias entre administracións, baixo os principios de calidade do servizo, proximidade e subsidiariedade.

Segundo: Defender e potenciar a rede pública de servizos sociais de atención primaria, que ten demostrado ao longo do tempo a súa capacidade para chegar a quen máis o necesita, así como a eficiencia do seu traballo e a capacidade de xerar emprego.

Terceiro: Pedir, polo tanto, a retirada por parte do Goberno central do anteproxecto de Lei para a racionalización e sostibilidade da administración local.

Cuarto: Dar traslado deste acordo ao Goberno de España, ao presidente da Xunta de Galicia, aos grupos políticos do Congreso dos Deputados e do Parlamento de Galicia, e á xunta de goberno da FEMP.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que eles non poden estar de acordo coa moción por unha razón moi sinxela que vai

explicar. O Sr. concelleiro comeza a exposición de motivos dicindo que o pasado 15 de febreiro de 2013 o Consello de Ministros aprobou un anteproxecto de lei, el non o discute, e sabe que é así, pero o último documento que el ten é do 18 de febreiro de 2013, uns días despois, e é posible que non sexa o mesmo documento o que el leu e o que o concelleiro do PSdeG-PSOE leu. O concelleiro socialista baséase en servizos sociais, e evidentemente fálase diso, non lle vai quitar a razón, pero o que están pedindo é que se retire un anteproxecto de lei, un anteproxecto, é dicir, nin sequera ten sido debatido, nin no Congreso, nin no Senado, é unha proposta nada máis, e aínda falta todo o debate parlamentario do asunto.

Están pedíndolles que insten ao Goberno a que retire un anteproxecto de lei que o que pretende é eliminar as duplicidades entre as administracións locais, pretende evitar que os concellos e as deputacións se convirtan en entes, como se teñen convertido algúns, non o Concello de Cambre, pero si outros, en entes xigantes, asumindo competencias, gastos, e sobre todo persoal que non podían asumir. O que se pretende evitar é a ruína que se produciu, a bancarrota dalgúns concellos e dalgúns administracións, preténdense delimitar as competencias.

Hai escasamente 5 minutos estaban debatendo sobre o feito de que a Xunta opinaba que un determinado servizo era competencia do concello, que uns técnicos opinaban que ese servizo competía á Xunta, que o Concello de Oleiros, o da Coruña e o de Arteixo pensaban unha cousa, que o de Culleredo e Cambre pensaban outra, ... Di que non é discutible que fai falta unha reforma da administración local, iso ninguén o pode discutir, calquera persoa que escoite e que fale na rúa sobre ese tema entende perfectamente que fai falta unha reforma da administración local. Os concellos, as deputacións, non poden seguir sendo o que eran, ten que haber control e teñen que evitar certas cousas. Iso é o que pretende a reforma, clarificar competencias, clarificar cales son os gastos, impoñer unha serie de medidas de control e de xestión, entre elas unha cousa coa que eles están moi de acordo, que é que se reformen en parte as funcións da intervención, para que se utilicen criterios de auditoría, é algo co que eles están moi, moi de acordo.

Por todo isto, poden estar de acordo en que se propicie o debate, se garantice o debate, se fomente o consenso, en que se intente facer unha boa lei, porque ao final vai ser unha lei, ou pretende ser unha lei, que vai regular todos os concellos de España, e evidentemente tamén os de Galicia.

Di que o que eles botan en falta neste anteproxecto é que se teñan en conta as especificidades dos concellos de Galicia, porque existen uns problemas de dispersión xeográfica que non teñen noutras comunidades autónomas. Poden entender que todos pidan diálogo, pedir que se teña en conta o municipalismo, que se teña en conta ás federacións de municipios e provincias, pero non que se retire unha lei que pretende resolver problemas que todo o mundo coñece, cando de feito hai 5 ou 10 minutos estaban discutindo sobre un deles. Entón, que se mellore si, pero que se retire o anteproxecto, non.

El o que lles propón é modificar o terceiro punto da proposta, no que se solicita ao Goberno que se retire o anteproxecto, e darlle unha redacción alternativa, que é que se teña en conta a opinión do municipalismo, en particular da Federación Española de

Municipios e Provincias e da Federación Galega de Municipios e Provincias, e sobre todo que se recollan as especificidades dos municipios de Galicia.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, empezando polo final, agradece ao Sr. Andreu o seu ofrecemento de nova redacción, pero eles reafirmanse na redacción da moción presentada, como non pode ser doutro modo.

En calquera caso, di que un dos puntos aos que fixo mención o voceiro do PP, que é a retirada do anteproxecto, evidentemente forma parte da moción, pero o punto máis importante é reafirmar a autonomía municipal, é o que dixeron na exposición de motivos. O anteproxecto o que realmente esconde tralos conceptos de racionalización e sostibilidade, tecnicismos estes que emprega con moita frecuencia o PP, é, entre outras cousas, que os servizos que prestan os concellos que non son rendibles, desaparezan ou se privaticen. Posibilita que aqueles concellos de menos de 20000 habitantes, sinxelamente non teñan e non presten eses servizos sociais, e que pola vía de quitar competencias ao 95% dos concellos, se traspasen ás deputacións provinciais como paso previo a súa privatización.

Reitera que o que pretende o anteproxecto é eliminar os servizos sociais en concellos de menos de 20000 habitantes, o cal suporía unha discriminación negativa en función da territorialidade, por suposto despedir ao persoal cualificado que os presta, e pasar as competencias dos servizos sociais que non desaparezan ás deputacións, como paso previo á privatización de tales servizos, que se cederán a empresas concesionarias. Teñen, desgrazadamente, moitos precedentes dun tempo a esta parte.

Para terminar, di que evidentemente todos están de acordo en que é necesaria esa reforma, pero dende o consenso, non dende o rolete, non dende o aplastamento, non dende a maioría absoluta.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que el cre, simplemente por darlle un pouco de coherencia ao debate, que iso é o que opinan todos, pero o problema é que están na etapa que non corresponde, a etapa de buscar o consenso é a etapa do debate, a etapa da tramitación parlamentaria, ese é o momento no que hai que buscar o consenso, e no que hai que buscar as opinións, e intentar mellorar as cousas.

Eles o que poden dicir é que este anteproxecto o consideran mellorable en varios aspectos, e teñen vontade de que se mellore, pero hai un trámite parlamentario onde se pode mellorar. A achega que pode facer o Concello de Cambre é que se teña en conta o municipalismo galego, a configuración dos municipios en Galicia á hora de prestar os servizos, esa é a achega que eles poden facer, e iso é o que eles propoñen, pero non que se retire un anteproxecto. Pregunta se o que queren dende o grupo socialista é que non se fale deses problemas, porque retirando o anteproxecto o que están propoñendo é que non se debata, que non se fale dos problemas, e con iso eles non poden estar de acordo.

Por outra parte, o concelleiro do PSdeG-PSOE dixo hai un momento que todas estas cousas que se recollen na moción serían aplicables aos concellos de menos de 20000 habitantes, el dille que non é exactamente así, que tamén sería aplicable aos concellos de máis de 20000 habitantes, sempre e cando eses concellos non soliciten manter as competencias, iso é o que di o anteproxecto. É dicir, os concellos como o de Cambre, non van ter ningunha perda de competencias, sempre que ese concello non queira telas. Ao Concello de Cambre esta lei permítelle solicitar, tanto á deputación como á Xunta, dentro da rede de distribución de competencias, manter as competencias que ten actualmente, iso é o que di o anteproxecto.

Por todo isto, el non ve o problema, podería entender a moción nun concello que non tivera máis de 20000 habitantes, pero Cambre si os ten, e o que están propoñendo na moción nin sequera afecta a Cambre, aínda así, recoñece que é mellorable, por iso eles avogan porque haxa debate, porque haxa intervención dos municipios na configuración desa lei, iso é polo que eles avogan, e por iso di que eles aceptan a moción se o grupo socialista acepta a modificación proposta, co fin de que se teña en conta a todos os municipios e, sobre todo, aos municipios de Galicia.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, dille ao Sr. Andreu que faga chegar esa modificación a través dos trámites que o PP estime oportunos, el non vai discutir sobre iso. El non sabe se o Sr. Andreu ten claro o que é o concepto de solidariedade interterritorial, é dicir, o que afecta ou non afecta, pero o que se decide en Madrid afecta a Cambre, o que se decide en Santiago aféctalle, o que se decide no Consorcio aféctalle, o que poida pasar en concellos limítrofes de menos de 20000 habitantes, probablemente tamén lle afecte, claro que lles vai afectar, e, evidentemente, como o voceiro do PP ben dixo, o anteproxecto tamén contempla reducións de prestacións de servizos sociais en concellos de máis de 20000 habitantes, non están circunscibindo a moción a concellos de menos de 20000 habitantes, saben cal é o censo de poboación de Cambre, ata aí chegan. Pídelle que entenda que, dende ese punto de vista, isto supón unha discriminación negativa por cuestións de territorialidade, por iso eles non van modificar unha ápice a moción. Dille que siga as canles e trámites que considere oportuno para enriquecer ese anteproxecto.

Conclúe dicindo que eles xa dixeron que todos os grupos políticos están de acordo en que ese anteproxecto se reelabore, pero dende o consenso, como lle dixo antes, dende o rodelo non.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que están parcialmente de acordo co que dixo don Felipe Andreu, nunha cuestión, que isto forma parte de algo que, felizmente, aínda non está aprobado, nin sequera debatido, que non está, por así dicilo, en todo o que o anteproxecto pretende, debidamente formulado e trasladado á opinión pública, tanto é así que parece ser que o Sr. voceiro do PP esqueceu mencionar un dos aspectos que vai contemplar esa lei, que é limitar, entre outras cousas, as retribucións que perciben os membros dos equipos de goberno dos diversos concellos.

Di que el está seguro que, sexa cal sexa o desenlace desta lei, esta lei vai servir, entre outras cousas, e sempre que non o fagan eles por decencia e hixiene democrática previamente, para o cal fai un chamamento conxunto á Corporación, o que vai facer

esta lei é impedir cadros de retribucións como os que gasta con inusitado garbo e lustre o actual goberno municipal de Cambre, os membros do equipo de goberno e o persoal de confianza. Esa lei de contención de gasto, etc., vai servir tamén para que os seus escandalosos salarios, e retribucións por asistencias a organismos colexiados, sexan debidamente baixados.

En todo caso, eles están de acordo coa proposta que trae aquí o grupo socialista, unha proposta valisoletana, porque tamén lles pide, e seguindo un pouco a estela do que ten feito en anteriores plenos o compañeiro de EU, que na medida do posible, polo menos a traduzan ao galego, xa non só por querenza propia cara o seu idioma, senón simplemente por iso de cortexar un pouco o voto dos nacionalistas, o voto dos do Bloque, que é unha cuestión que eles valoran.

En todo caso, din que si que están de acordo co espírito da moción, porque o que é innegable é que o espírito desta lei é dismantelar, poñer en tea de xuízo os servizos sociais e o papel da administración pública diante dos propios administrados. Facía o voceiro do PP referencia a que o debate está na rúa, facía referencia a que todo o mundo está de acordo no papel dos concellos, etc. De entrada o BNG defende do primeiro ao último traballador municipal, do primeiro ao último céntimo que se inviste na administración local, aínda que moitas veces non poidan estar de acordo no debate político con como se gasta, pero realmente el cre que non é unha das maiores preocupacións, con 6.200.000 parados, unha taxa de desemprego do 27%, coa actual crise de credibilidade que hai en toda a clase política, e fala especialmente dos gobernantes a nivel estatal e autonómico, non está na boca da xente que a principal preocupación sexa o papel que desenvolve a administración local, porque o papel da administración local, que depende en moitos casos do bo facer dos técnicos, do persoal funcionario, dos traballadores dos diversos concellos, é o que menos en tea de xuízo está, porque é o que mellor funciona, e non deixa de resultar curioso que se pretenda limitar con este anteproxecto de lei o papel da administración local en materias tan sensibles como os servizos sociais, todo cun trasfondo que cheira ás leguas, a xuízo do BNG, a privatización encuberta, a abrir portas a iso que se di novas fórmulas, novas maneiras de xestión, de eficiencia, buscando sempre o maior beneficio, etc, pero que sempre levan consigo, ao cabo de todo o proceso, unha privatización e unha perda de dereitos por parte da cidadanía.

Di que é por iso que eles tampouco acaban de entender, nin de ver claro, a contraproposta que fai o grupo municipal do PP, porque non está en debate que se teña en conta a proposta da FEGAMP, nin da FEMP, o que está en debate con esa proposta, e o que está en debate con esa lei, é se concellos como Cambre van poder seguir tendo, con todas as dificultades que poidan ter, e melloras que se poidan presentar, uns servizos sociais dignos de tal nome, ou se iso vai pasar a depender, non da necesidade dos veciños de Cambre, senón de criterios economicistas, con base en equilibrios orzamentarios, beneficios e perdas.

Conclúe dicindo que, por todo isto, o BNG defende esta moción, e gustaríalles que eles, como goberno de Cambre, tamén o fixeran, gustaríalles que, dalgunha maneira, acreditaran uns servizos sociais públicos, universais, gratuítos e de calidade, e non un concepto de beneficiencia. Que non se artellen co sistema xurídico leis que dean

cobertura ao beneficio privado e ao beneficio empresarial, iso con base nas necesidades do conxunto dos veciños.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que eles non van cambiar o seu voto, se a moción se mantén como está, van votar en contra. Eles cren que este é un problema real, e non só iso, senón que é o problema que levou a moitos concellos á situación de practicamente ruína na que se atopan agora, e ese é o problema que se intenta solucionar co anteproxecto de lei. É mellorable, non din que non, pero onde non é mellorable, e eles non van solicitar que se modifique, é na limitación dos salarios, porque o concelleiro do BNG pode coller unha calculadora, e darase conta que aquí están practicamente pola metade dos límites, e non só iso, senón que ao Concello de Cambre, por lei, corresponderíanlle sete persoas de confianza, e teñen dous.

Di que é moi fácil dicir as cousas, pero eles tamén terán que defenderse, porque o concelleiro do BNG formulou algunhas cuestións, como o tema da privatización, que é un recurso moi manido que usan sobre todo dende o BNG, como se a privatización fora moi mala. Pregúntalle se lle parece mal que interveña a sociedade nos servizos públicos, que os cidadáns, co seu esforzo, co seu traballo, coa súa dedicación, participen nos servizos públicos. Se ao concelleiro do BNG lle parece mal, di que a el non, e que o defenderá, e o Sr. Carballada está en todo o seu dereito de defender a postura contraria, pero el defenderá que os cidadáns poidan participar na xestión dos servizos públicos, sempre o fará, e iso non é para nada incompatible con ter servizos universais, gratuítos e de calidade. Non pode dicirse que un servizo onde participe a sociedade non vai ser nin universal, nin gratuíto, nin de calidade, iso non se pode dicir, porque o que lle están dicindo con iso á sociedade é que a sociedade non pinta nada, iso é o que lle están dicindo.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que a sociedade si que pinta, a sociedade si que participa, a sociedade participa a través das eleccións, dos procesos democráticos, elixindo gobernantes, e ás veces, aínda que a eles lles poida custar aceptalo, elixindo gobernantes ao seu modo de ver tan nefastos como os do Partido Popular.

Pídelle que non fale da sociedade, porque non se trata de que a sociedade participe na xestión dos servizos sociais que, ao seu modo de ver, deben ser públicos, como así o recoñece gran parte da armazón legal construída en 35 anos de democracia. Pídelle que fale das sociedades, de sociedades mercantís, de sociedades limitadas, de sociedades que o que buscan é o beneficio, ou pregúntalle que son, ¿entidades benéficas?, que fan, ¿accións caritativas?, di que non, que loxicamente buscan un beneficio empresarial, e aquí hai varios empresarios presentes, como sae moitas veces a colación no debate público. Hai unha actividade empresarial, viven nunha economía mixta, ou nunha economía de mercado, e a eles parécelles moi ben a iniciativa empresarial en moitísimos ámbitos, pero dende o BNG si cren que determinadas áreas da vida non deben ser obxecto de negocio, non deben ser obxecto dunha actividade empresarial que busca única e exclusivamente beneficio, e gustaríalles que eles o entenderan.

Respecto do tema da demagogia, dille que lle vaia mandando un telegrama a Mariano Rajoy, e que lle informe alí: "Sr. Mariano Rajoy. Stop. Estas son as retribucións (xa non vai dicir o nome) semanais, por asistencia á xunta de goberno. Stop. Por certo, que se fai unha xunta de goberno cada semana. Stop. Que se cobran en Cambre."

Conclúe dicíndolle ao Sr. Andreu que xa lle dirá se hai lei, aquí, en Biafra ou en Suecia que aguante a desvergonza que ten o PP con todos e cada un dos 24000 veciños de Cambre.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle ao concelleiro do BNG que el non pretende que isto sexa unha feira, pero dá a impresión que ese concelleiro ao que se refire sen dicir o nome, e ao que xa se levan referido moitas veces, parece como que non traballa no concello, que soamente vén ás xuntas de goberno, cobra e marcha.

Don Jesús Bao Bouzas pide ao Sr. alcalde que, por favor, non desvirtúe o motivo da moción, pide que se centren en debater e en votar a moción que presentou o grupo municipal dos socialistas de Cambre.

O Sr. alcalde pídelo que lle deixe acabar a súa quenda, porque a el córtalle un concelleiro, córtalle outro, despois outro, e el procura non cortarles a eles. Di que el, simplemente, chámalle a atención ao Sr. Carballada por respecto, porque cre que cando fai as aseveracións que fai, está índose, como se estivese noutro sitio, e eles están no Concello de Cambre. Rógalle que interveña con máis mesura, se pode ser.

O Sr. Andreu Barallobre pide intervir e o Sr. alcalde manifesta que pedira antes a palabra o Sr. Taibo para falar da moción, e que ten a palabra para facelo.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que aquí hai un grupo político que presentou unha moción, perfectamente debatida, explicada e argumentada. O grupo de EU comparte a sensibilidade social coa cal ese grupo presenta a moción, e para eles non ten máis explicación, porque se non é así, poden facer un pleno monográfico para falar da Lei de bases de réxime local. Cada un pode facer as intervencións que estime oportunas, pero para o seu grupo está perfectamente argumentada e explicada, e por iso van votar a prol da moción.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle ao Sr. Andreu que cre que está suficientemente debatida a moción, non hai máis volta, e que procede votala.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG, votan en contra os sete concelleiros do PP, e abstéñense os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por dez votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

5º Informes da Alcaldía

Este punto non foi utilizado.

6º Rogos e preguntas

Pide a palabra don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, para explicar que hai unhas iniciativas, uns rogos e preguntas, pendentes do pasado mes de febreiro, e cre que, xa que non foi no pleno pasado, corresponde dar coñecemento delas neste pleno.

O Sr. alcalde contesta que ten razón, que el xa tiña previsto tratalas ao final, pero que se o resto de concelleiros queren, poden facelo ao principio, non hai ningún problema se están todos de acordo.

Don Luis Miguel Taibo Casás expón que el o di soamente por procedemento, porque lle parece máis axustado tratalas antes, xa que veñen do pleno do mes de febreiro.

O Sr. alcalde di que se todos están de acordo el non ten inconveniente, xa que non é algo que estea recollido en ningures, e explica que el as deixaba para o final, pero simplemente pola orde normal de intervención.

Rogos de EU presentados por escrito e correspondentes ao pleno ordinario do mes de febreiro

1º O pasado mércores 13 de febreiro visitaron a ría do Burgo unha delegación de comisarios europeos, a instancia dunha denuncia presentada pola Plataforma para a recuperación da ría do Burgo, a imaxe que levaron non puido ser máis desalentadora, recoñecendo o estado de abandono deste espazo por parte dos distintos gobernos: central, autonómico e locais.

A esixencia vertida pola delegación europea relativa a que se precisa un saneamento e dragado urxente e inmediato da ría do Burgo, merece unha resposta dilixente e colaboradora das administracións públicas competentes. Basta xa de mentiras e de deixamento. Urxe unha fonda rectificación da política, de xeito que sexa unha prioridade o cumprimento da lei.

As opinións interesadas do director de Augas de Galicia negando a situación de degradación case absoluta da ría, non se corresponden coa realidade existente. O grupo municipal de EU chama a atención, unha vez máis, sobre os riscos para a saúde pública derivados da contaminación da ría, non sendo isto só un problema ecolóxico ou medioambiental, tamén é un problema económico para as persoas que viven da súa riqueza marisqueira.

En atención a estes motivos, o noso grupo formula o seguinte rogo:

Que o goberno de Cambre esixa publicamente ao goberno autonómico a rectificación da política da Xunta de xeito que sexa unha prioridade o cumprimento da lei que prescribe o saneamento das rías, e que adopte como goberno local as medidas necesarias dende Cambre para eliminar e minimizar os vertidos que a día de hoxe seguen a producirse na degradada ría.

O Sr. alcalde contesta que é certo que dende o mes de febreiro quizais pasaron algunhas cuestións. O Sr. Taibo sabe, porque estivo con el na visita dos eurodeputados, que para este goberno municipal tamén é unha preocupación o saneamento da ría, que non haxa vertidos nela, e teñen que facer o posible para que non os haxa, precisamente o que teñen que mirar son os aliviaderos ou os tubos de transporte das augas residuais.

De todas maneiras, di que lles consta que a Xunta de Galicia levou a cabo moitas actuacións nese sentido, actuacións cos fondos de cohesión dende o ano 2000 ou 2009, actuacións de interese xeral do 2003, como a EDAR e os emisarios que van a Bens, a ampliación dos bombeos rematada no 2009, actuacións iniciadas no ano 2010, como a estación de bombeo do Temple, o colector dos Templarios e a potencia dos bombeos, plans de saneamento e leitos, e actuacións a desenvolver no período 2011-2015.

O Sr. Taibo sabe que hai poucos días, concretamente o 4 de abril, o conselleiro de Medio Ambiente e Infraestruturas estivo no concello e adoptou uns compromisos. Precisamente fixo públicos os compromisos que ten coa ría do Burgo, un deles é o tanque de tormentas co que se evitarán os vertidos na ría, e iso vaise facer, licitarase na segunda parte deste ano, así o fixo constar o conselleiro, dixo que se licitaría o proxecto do tanque de tormentas que vai ir no Temple. Polo tanto, se o Sr. concelleiro de EU fala de esixirlle á Xunta de Galicia, el pode dicirlle que o goberno municipal está a facelo, o que fixo foi precisamente traer aquí ao conselleiro, non só por este asunto, senón tamén polo río, porque a Xunta de Galicia, concretamente Territorio e Infraestruturas a través de Augas de Galicia, son os que teñen as competencias para ter o río en perfecto estado, e iso é o que lle esixiron e a iso tamén é ao que se comprometeu o conselleiro na visita do día 4 de abril, e así consta nos medios de comunicación.

Conclúe que, polo tanto, eles xa lle esixiron á Xunta de Galicia todo o que lle teñen que esixir, e seguirán a facelo, porque apostan pola ría do Burgo.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU, manifesta que todo o mundo sabe que para o seu grupo este asunto sempre mereceu unha atención especial, como para todos os veciños e veciñas de Cambre, e incluso da área metropolitana. Teñen presentado diversas iniciativas, tanto no concello como no Consorcio, como no Parlamento de Galicia e no propio Parlamento Europeo.

Cre que a insistencia en esixir á Xunta nunca está de máis. Efectivamente hai unha promesa de poñer en funcionamento un tanque de tormentas, un tanque de tormentas que se non se equivoca debe vir xa do ano 98, xa pasaron 14 anos e aínda seguen esperando. Cre que van ter que seguir sendo dilixentes nese sentido, e intentar que a ría do Burgo, dunha vez por todas, se sanee e se drague, para que se poidan cultivar mariscos, se poidan practicar deportes, e para que a xente poida gozar dun contorno privilexiado como é a ría.

Dille ao Sr. alcalde que cantas máis presións ou instancias se fagan á Xunta de Galicia, máis van en beneficio da ría e dos propios veciños de Cambre e da área metropolitana, por iso lle pediría, neste sentido, que á mínima oportunidade llo diga ao

conselleiro de Medio Ambiente e á propia consellería, porque non está de máis insistir no tema, cre que é fundamental polo ben de todos.

Como dixo antes, hai 12 ou 13 anos había dous mil e pico de persoas que mariscaban, agora cre que son 150 as que o están facendo. Cre que é unha riqueza fundamental e teñen que botar man dela, precisamente hai veciños de Cambre que nalgúns tempos vivían da ría do Burgo e agora mesmo están engrosando a lista de parados.

2º O Consello de Contas constatou que dos 50 millóns do préstamo do *Banco Europeo de Inversiones* á Xunta de Galicia, para executar a vía Ártabra só se executaron 17,5 en 2009 e o resto quedou consignado como remanente de tesourería, cando debería quedar como remanente afectado, pois o diñeiro restante, 33 millóns, só podían ir para a vía Ártabra.

Polo exposto, o grupo de Esquerda Unida prega á Alcaldía se dirixa á Xunta de Galicia, co fin de que informen sobre a situación de parte deste préstamo para executar na vía Ártabra.

O Sr. alcalde contesta que, con respecto a este rogo, fixo a xestión coa Xunta de Galicia, e concretamente coa Consellería de Facenda, e ese préstamo foi asinado e disposto, respectivamente, en xaneiro e marzo do 2009, iso é o que lle comunicou a el a Xunta. O destino dos préstamos do *Banco Europeo de Inversiones* baséase en investimentos elixibles que poden ser modificados de acordo con ese banco, polo tanto, é posible substituír unhas obras por outras, circunstancia bastante común. Ademais, o prazo de disposición do proxecto non vai ligado á súa execución, senón que unha vez disposto o préstamo existe un prazo de execución das obras e de xustificación dos investimentos moito maior. En todo caso, a dispoñibilidade das operacións de endebedamento, nunha ou outra data, non afecta ao déficit público, xa que os préstamos son ingresos financeiros que non teñen incidencia no cálculo do déficit do exercicio.

Di que esa é a contestación que lle deu a Consellería de Facenda, pero el non só lles preguntou polos cartos, senón tamén pola vía Ártabra, concretamente preguntáronlle os medios de comunicación a Agustín Hernández na visita do 4 de abril, e referiuse ao tramo de Oleiros da vía Ártabra, que termina na N-VI, e dixo que estaría aberto ao tráfico este mesmo verán. Dixo que esperaban rematar ese treito de obra neste mesmo ano.

Con respecto ao treito que corresponde a Cambre, entre a N-VI, conexión coa AP-9, e coa A-6, o conselleiro asegurou que xa está practicamente finalizado o estudo de mobilidade da área metropolitana, e que nas próximas semanas se convocará unha reunión cos responsables de todos os municipios da zona, para trasladar as conclusións.

Conclúe dicindo que iso é o que saben do tema da vía Ártabra, do treito de Cambre e o que contestou o conselleiro á pregunta dos xornalistas e pola insistencia do goberno municipal.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU, di que están pendentes dese estudo de mobilidade, pero que el, a conclusión que saca é que por parte da Xunta de Galicia non se aposta pola vía Ártabra. Aí hai un diñeiro que realmente se tiña que investir na vía Ártabra, e gustaríalle ter unha copia do documento do que falou o Sr. alcalde, sobre que o diñeiro se podía traspasar ou facer unha habilitación para outro tipo de investimentos, porque o certo é que un diñeiro que un banco europeo lle facilita á Xunta para a vía Ártabra, vaino empregar noutra cousa, porque así llo permiten, parece ser. A Xunta xa vai polo segundo ou terceiro plan, e aínda non saben concretamente que vai pasar co enlace da N-VI á AP-9 e á A-6, posiblemente o estudo e os proxectos queden rematados non sabe exactamente cando dixo, pero a conclusión que saca é que a vía Ártabra vai ter para rato e que non hai vontade política por parte da Xunta de Galicia para executar o treito dende a N-VI á A-6.

Pregunta de EU presentada por escrito e correspondente ao pleno ordinario do mes de febreiro

1ª Transcorridos moitos meses, o noso grupo felicitábase pola exitosa e concorrida celebración do último foro de Participación Cidadá no que EU de Cambre asistiu e participou. Na dita xuntanza xurdiu o compromiso para a celebración doutro foro, co obxectivo da creación e posta en funcionamento dos distintos consellos sectoriais e o Consello xeral de Participación Cidadá.

O festival Brincadeira, a remodelación do Campo da Feira, a localización da feira de Cambre, as festas patronais, os problemas de seguridade cidadá e viaria, os desafiuzamentos, o transporte adaptado, a retransmisión dos plenos municipais, o proceso de matriculación nas escolas públicas do noso concello, etc., etc.; son problemas e actos que nalgún caso, incluso recoñecido polo propio grupo de goberno, puideron ser tratados e arranxados dentro dos distintos consellos sectoriais, por non falar de orzamentos participativos, participación en plenos ou a presentación de iniciativas populares.

Por todo isto, o noso grupo municipal pregunta:

Para cando ten pensado o goberno a organización e creación destes consellos sectoriais e a posta en marcha definitiva do regulamento, para que entre outras cousas os veciños/as de Cambre poidan facer efectiva a democracia participativa, co fin de que formulen rogos e preguntas aos membros da Corporación ao rematar as sesións dos plenos ordinarios, de forma concreta e sobre temas de interese, segundo o contemplado no RPC, aprobado no ano 2011?

O Sr. alcalde contesta que el hai moito tempo, dende que se aprobou o regulamento, que está intentando poñer en marcha todos os consellos sectoriais, empezando, lxicamente por un, e ata que estean todos, pero non e fácil, porque a persoa que teñen, o funcionario, o técnico que teñen en Participación Cidadá, díxolle que tal e como o estaba levando, e tendo en conta, ademais, que máis persoal non o poden contratar, era imposible facelo, que el podía participar e podía axudar, pero non comprometerse ao desenvolvemento dos consellos sectoriais.

En todo caso, como hai unha partida orzamentaria, que agora está aprobada, eles o que van facer é tratar de contratar unha empresa externa que, coa axuda dese técnico, poña en marcha os consellos sectoriais, e o primeiro polo que van comezar é polo consello sectorial de asuntos sociais. Di que isto no prazo de quince días vaise poñer en marcha.

Ante a pregunta da concelleira de EU, sobre se pode intervir, o Sr. alcalde dille que se trata dunha pregunta, pero que se non lle quedou clara a resposta, que pode intervir.

Dona M^a Olga Santos López, de EU, manifesta que a resposta quedoulle moi clara, unicamente dicir que, se este é o ánimo do goberno, por fin despois dun ano e medio, felicítano pola súa disposición, e tamén ao equipo de goberno, e lembran que tamén teñen unha moción aprobada na que se encadraría a comisión mixta de desafuzamentos, simplemente para que non a esquezan.

O Sr. alcalde contesta que é consciente diso.

Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 5136 o día 20 de abril de 2013, xunto coas preguntas para este pleno.

1º Denuncian veciños de Anceis os problemas que se producen no contorno da igrexa parroquial cando teñen lugar actos relixiosos como funerais, vodas, etc. A afluencia de vehículos e a inexistencia de espazos para aparcamento na zona, obrigan aos condutores a situalos nas beiras do vial municipal. A súa estreiteza, unido á existencia, nalgúns treitos, de cunetas profundas leva á ocupación da plataforma do vial o que impide a circulación dos vehículos mentres teñen lugar os actos relixiosos. Por todo iso:

Solicitamos se tomen as medidas oportunas para dotar de aparcadoiros á zona do contorno da igrexa, evitándose, deste xeito, os colapsos circulatorios que se producen a cotío.

Don Augusto Rey Moreno, do PSdeG-PSOE, manifesta, a maiores do rogo presentado, que aproximadamente hai un mes comentáronlles que un día en concreto, o autobús escolar tivo que esperar a que se desenvolvera un funeral, porque estaban ocupadas as marxes e non podía circular, por iso cre que é un tema que hai que tomar con interese e buscarlle unha solución.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que no POS do 2012 tiñan previsto facer unha obra nesta zona, dende o cruzamento que vai para San Lorenzo ata abaixo, onde está o bombeo das fecas. Empezaron as obras este mércores hai oito días, polo que verán a ver se hai que tomar algunha decisión, que pode ser, ao mellor, deixar aparcamento a un lado, haberá que velo, pero vanse cubrir as cunetas e canalizar todo o que ía no proxecto.

Don Augusto Rey Moreno manifesta que parece unha medida provisional, pero que hai que tomar medidas máis definitivas, a posibilidade de habilitar, non soamente nesta

igreja, senón noutras que tamén teñen o mesmo problema, zonas onde poidan aparcar os vehículos, pero polo menos cunha actuación puntual como é a cobertura das cunetas, vai dar lugar a un certo ancho a maiores do existente, que pode permitir que non se dean os problemas que agora mesmo se están dando. Pide que se tome o tema con interese.

2º Denuncian veciños de Bribes os problemas sufridos como consecuencia dos temporais de choiva que tiveron lugar en datas pasadas. O gran volume de auga caída, unido á ausencia de limpeza das cunetas na estrada de titularidade provincial entre Lema e Bribes, deu lugar á entrada das augas nas casas, sobre todo naquelas situadas nas zonas máis baixas e na beira do vial. Por todo iso:

Solicitamos se requira da Deputación provincial que realice os labores de mantemento precisos no referido vial, co fin de que non se volvan producir feitos como os denunciados.

Cando son as 21:25 minutos auséntase da sesión don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que cre que foi no pleno da Deputación do mes pasado cando se aprobou un plan de mantemento para todas as vías provinciais, no que vai incluído, loxicamente, a estrada de Bribes, e de feito xa comezaron nalgúns zonas.

3º As beirarrúas situadas no vial que transcorre por Drozo cara á zona dos pazos en Anceis non se teñen mantido nos últimos tempos. A terra que se ten desprendido dos balados ocupa en moitas zonas gran parte do seu ancho, co que non cumpren a finalidade de seguridade viaria que lles corresponde. Por todo iso:

Solicitamos se dean as ordes oportunas para limpar convenientemente o seu firme.

Don Augusto Rey Moreno, do PSdG-PSOE, manifesta que ten entendido que a semana pasada xa se levou a cabo a limpeza, pero é un tema bastante repetitivo no caso dos balados que están moi en vertical, e, periodicamente, cando chove un pouco de máis, cae a terra sobre a beirarrúa. Quere dicir que tamén a beirarrúa xa é de por si bastante estreita e que é un tema no que, na súa opinión, hai que estar máis enriba del para intentar que ese tipo de molestias aos veciños non se sigan a producir.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, di que precisamente foi a Deputación a que o fixo, porque xa comezou a traballar nese plan.

Rogo de EU presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 5173 o día 22 de abril de 2013, xunto coas preguntas para este pleno.

O Consello de Ministros aprobou a finais de decembro un plan contra os servizos de transporte público ferroviario de media distancia. Con esta decisión o goberno reduce os servizos nas liñas da Coruña-Monforte e A Coruña-Ferrol. Estas medidas levarán

implícito que estacións como Cambre con 14 servizos, Cecebre con 12, vexan reducidos os trens a dous servizos diarios.

O grupo municipal de Esquerda Unida prega ao goberno municipal, solicite da administración central, que non supriman servizos ferroviarios, e aposte decididamente polo ferrocarril como medio de transporte, como un elemento decisivo no desenvolvemento económico das distintas comarcas e concellos afectados.

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, que ten atribuídas as competencias de transporte, contesta que están totalmente de acordo co rogo. Dende o PP de Cambre cren que a rede de ferrocarrís deste país é un motor económico para moitos concellos, incluído Cambre, e darán traslado da petición de Esquerda Unida.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU, agradece a contestación, e manifesta que espera que teña maior efectividade este rogo que outros que presentaron no mesmo sentido, por exemplo cando foi o tema de dar a máxima información respecto dos horarios dos trens, que se comprometeu a facelo, e de momento eles non teñen coñecemento de que se publicaran os horarios do tren en Cambre, e respecto do apeadeiro da Barcala, tres cartos do mesmo.

Di que todos saben, á parte de todo isto, a importancia que ten o ferrocarril como medio de transporte. No requirimento que lles fixo a propia Xunta de Galicia cando lles entregou o documento de inicio do plan de urbanismo, dicíalle a Cambre que había que mirar as conexións na comarca, e incluso dicía que o concello tiña que facer o máximo esforzo en interconectar o concello cos demais concellos da área metropolitana, ou sexa, unha aposta decidida polo tren de proximidade.

Cre que non é soamente dar traslado do rogo, senón poñer un pouco máis de empeño, porque, como dixo moitas veces, no caso da Barcala era fundamental que nun lugar onde viven máis de 2000 persoas houbera un apeadeiro para o traslado desas persoas á capital.

Rogo do BNG presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 5156 o día 22 de abril de 2013.

Como é de todos/as coñecido o centro de saúde do Temple atende un elevado número de pacientes, e estamos pendentes da súa ampliación, mediante a licitación e construción dun novo centro que teoricamente debería ampliar a carteira de servizos.

Mentres non se constrúa o novo centro, os traballadores/as non dispoñen de ningunha praza reservada para aparcamento de vehículos.

Entre as funcións asignadas aos traballadores do centro de saúde está a atención domiciliaria (urxencias, crónicos) e non parece lóxico que cando regresen de prestar esa atención perdan tempo buscando aparcamento, cando prestar esa atención supón unha acumulación de atraso nas súas axendas de traballo.

As consecuencias sufrímolas os pacientes que estamos citados, non só pola perda de tempo da espera, senón que ocasiona incluso atrasos na incorporación ao posto de traballo.

Por todo isto, rogo ao Sr. alcalde, teña a ben reservar catro prazas de aparcamento en horario diúrno para o persoal sanitario do centro.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que cre que esta necesidade xa existía na pasada lexislatura, na que o concelleiro de Obras e Servizos cobraba unha dedicación exclusiva bastante ostentosa, ben boa, bastante máis do que cobra o actual concelleiro desa área. Di que irá mañá a buscarlle solución ao tema, a ver onde coloca esas catro prazas, porque as consideran necesarias, e iso que mañá non cobra, que non ten comisión de goberno, para que o saiban, mañá vai gratis.

Dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, dille que, simplemente, o persoal do centro do saúde do Graxal pide...

O Sr. alcalde intervén para preguntarlle á Sra. concelleira se vai facer un debate do asunto.

Dona M^a Victoria Amor Prieto contesta que non, que só lle vai aclarar o que lle pide.

O Sr. alcalde dille que está claro, que son catro prazas de aparcamento, que xa están vistas, e que lle contestou o Sr. Marante que estaban de acordo. É unha pregunta e contestóuselle claro, eles consideran que, efectivamente, si son necesarias, e xa eran necesarias antes. Xa contestou o Sr. Marante que mañá mesmo vai colocar as prazas, mañá mesmo, e el cre que está contestada a pregunta.

Dona M^a Victoria Amor Prieto di que, entón, pasado mañá pasará por alí para mirar a ver se están.

Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 5136 o día 20 de abril de 2013, xunto cos rogos para este pleno.

1^a O autobús da empresa ASICASA que fai o servizo entre as diferentes parroquias do concello foi substituído meses atrás por un de maior capacidade de aloxamento de viaxeiros. Sendo isto unha evidente mellora o que non ten xustificación de ningún tipo é que o novo vehículo careza de plataforma elevadora para os viaxeiros que utilicen cadeira de rodas. Por todo iso este grupo pregunta:

Cales son as xestións que se teñen feito por parte do goberno municipal para esixir á empresa concesionaria do servizo de transporte a reposición da plataforma elevadora no autobús interparroquial?

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, que ten atribuídas as competencias de transporte, contesta que, sendo conscientes desa

necesidade, porque hai moitos veciños que teñen que utilizar ese vehículo e necesitan a plataforma elevadora, en diferentes ocasións, unha moi recentemente, mantiveron conversacións tanto coa dirección xeral da Xunta de Galicia como coa empresa concesionaria, ASICASA, para esixirlles que retomen o servizo. No seu día prestábase este servizo, porque segundo lles comenta a empresa hai uns tres anos había un vehículo con plataforma elevadora, pero actualmente non contan con el. Di que o goberno municipal estalles reiterando que ese servizo ten que volver a funcionar en Cambre.

Tamén lles informa que esas reunións que mantiveron, non só foron para esixirlles ese servizo, tamén lles presentaron unha proposta para a modificación das rutas, porque entenden que, tal e como están configuradas actualmente, non está optimizado o servizo de transporte metropolitano en Cambre.

Conclúe dicindo que están á espera de que lles contesten, de que fagan un estudo das rutas, de que a empresa teña a ben tomar unha decisión co tema do autobús, pero pode garantirlles que o equipo de goberno leva moitos meses detrás deste tema e outros como este.

Dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE, solicita que cando estea listo, lles mande información sobre o tema.

Don Fernando Caride Suárez contesta que sen ningún problema.

2ª No pleno ordinario do pasado mes de decembro, o noso grupo presentou unha moción instando á revisión, actualización e adaptación da ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar de persoas que participen no programa de intervención familiar, normativa municipal destinada a contemplar e regular as novas situacións de emerxencia social. Por parte do goberno municipal respondéusenos dicindo que estaba redactada unha nova ordenanza de emerxencia social dende o mes de febreiro de 2012 (hai quince meses a día de hoxe), pendente de informe de Secretaría. Con base en todo o anterior e tendo constancia que o dito informe foi xa emitido, este grupo pregunta:

Cales son as modificacións, respecto do texto anterior, que se teñen previsto introducir na sinalada ordenanza?

Dona Mª Jesús González Roel, concelleira delegada de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, contesta que a semana que vén vai reunir a todos os grupos municipais para facer entrega do borrador da ordenanza. Cada un poderá facer as súas achegas e para a seguinte semana terán unha reunión todos, cos técnicos municipais de servizos sociais, para poder traela consensuada ao pleno.

Don Jesús Bao Bouzas, do PSdeG-PSOE, solicita á Sra. concelleira que ademais do borrador da ordenanza, se ten a ben, lles faga chegar o informe que sustenta a dita ordenanza.

Dona Mª Jesús González Roel contesta que de acordo.

3ª O camiño que dende Meixigo se dirixe á zona das Telleiras vén de sufrir ultimamente o derrubamento de parte do peche do terreo O Retiro. Os cascallos caídos neste punto ocupan gran parte do ancho do vial impedindo a circulación de vehículos e dificultando o paso das persoas.

Que medidas se teñen previsto adoptar para repoñer este camiño ao seu estado orixinal?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que non tivo coñecemento do derrubamento ata que presentaron esta pregunta. Onte foi velo, e mañá, pouco antes de ir ao Temple para ver as prazas de aparcamento, polas que non cobra, vai ir ver isto. Di que quedou coa palista ás 10:00 da mañá para ir sacar os cascallos e deixar o camiño libre, e tampouco cobra por iso mañá.

Don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG, intervéñ para facer unha precisión con respecto desta pregunta, dicindo que ese camiño xa leva curtado varios días.

O Sr. alcalde dille ao Sr. Carballada que non está no uso da palabra, e pregúntalle quen fixo a pregunta. Ante as manifestacións do concelleiro do BNG, continúa dicindo que el mesmo estivo a punto de contestar esta pregunta, e non o fixo, porque se non terían que entrar noutra disquisición. Pregúntalle ao Sr. concelleiro nacionalista se, ao mellor, o terreo que hai alí é seu, non o é, polo que lle pregunta se sabe de quen é, como non o sabe, pregúntalle polo camiño, e tampouco. Di que por iso el non respondeu a pregunta.

Continúa dicindo que se ao Sr. concelleiro lle cae o muro da súa casa enriba dun camiño, o normal é que sexa el o responsable de retiralo. No concello fixeron o posible, a través do departamento de Urbanismo, porque iso presentárono en Urbanismo, non en Obras e Servizos, pois ben, dende Urbanismo fixeron o posible para localizar ao propietario, para que retirara as cousas do camiño, porque se non ao concello vaille custar cartos unha cousa que non é súa, e están falando sempre de cartos.

Explica que o propietario do terreo é unha inmobiliaria que desapareceu, pois ben, sabido iso, que o souberon hoxe pola mañá en Urbanismo, o Sr. Marante, de Obras e Servizos, mañá, ás 08:00 da mañá, vai ir coa pala para retirar as cousas, poñelas dentro do terreo e acabouse o problema. En todo caso, pídelles que non faga disto unha cuestión, porque isto non é un rogo, é unha pregunta.

Ante as palabras do concelleiro do BNG, o Sr. alcalde manifesta que el non dixo nada de Fincas Galicia, el dixo que era unha inmobiliaria, non dixo nada de Fincas Galicia, en todo caso, el o que pregunta é por que fan un debate dunha pregunta, el sempre llelo di, que fagan un rogo.

Á vista das manifestacións co micrófono pechado realizadas polo concelleiro do BNG, o Sr. alcalde insiste en lembrarlle que lle retira a palabra.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU, manifesta que só unha pequena aclaración respecto dese camiño, que cre, ademais, que corresponde facela. Di que hai

aproximadamente un mes, o seu grupo municipal, a instancia dalgúns veciños, e despois de ir comprobalo, presentou un escrito no rexistro, porque, efectivamente, caera o muro e había dous sinais ao carón das pedras, o que pasaba era que chegaban alí os coches, ao carón das pedras, e non podían dar volta, por iso chamaron á policía local e pediron que puxeran os sinais ao principio do camiño, para que non circularan por alí, e diso hai un mes polo menos, ou sexa, que o concello si tiña coñecemento do derrubamento deste muro, só como nota aclaratoria.

O Sr. alcalde dille ao concelleiro de EU que fixeron un debate dunha pregunta, e el non vai permitir iso outra vez, e dilles máis, un rogo é un rogo e poden debater o que queiran, unha pregunta contéstase e punto.

Di que, é máis, que o Sr. Taibo foi quen o chamou a el por teléfono, polo tema da sinalización, e el deulle as grazas. Chamouno el por teléfono, non presentaron nada por rexistro, ou mellor dito, non sabe se o presentaron despois por rexistro, pídelle perdón se é así, pero o primeiro que fixo o concelleiro de EU foi chamalo por teléfono a el, e el inmediatamente avisou á policía local e púxoo en coñecemento en Urbanismo, igual que fixo EU co tema do rexistro. En todo caso pide que non dean máis voltas á pregunta, está contestada, mañá vai ir a pala retirar os cascallos e a outra cousa.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que non é sen tempo.

O Sr. alcalde responde que non, pero que ao concello segue a custarlle cartos igual, e el o que trataba era de que non lle custara cartos ao concello.

Preguntas de EU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 5173 o día 22 de abril de 2013, xunto cos rogos para este pleno.

1ª O grupo municipal de EU, ante as numerosas demandas veciñais, presentou unha moción no pleno do mes de xaneiro (aprobada por unanimidade) co obxectivo de trasladar a actividade da feira ao seu lugar de orixe. Transcorridos case catro meses do remate das obras de remodelación e acondicionamento do Campo da Feira, seguimos sen ter coñecemento das xestións e traballos realizados para dar cumprimento á dita demanda e dos acordos acadados na moción.

Poden informarnos dos motivos que impiden o traslado da actividade e da data previsible do cambio de lugar?

O Sr. alcalde contesta que os motivos que impiden o traslado é a licitación dos postos dos feirantes. Di que a semana que vén licítaranse eses postos, unha vez posta de acordo a moita xente que se cría con dereito sobre a praza, como é lóxico, porque había moitos anos que viña aquí a vender. Unha vez obtido isto, vanse licitar os postos e eles agardan que no prazo dun mes ou mes e poucos días, a feira estea de novo no sitio que tiña que estar.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, agradece a resposta, pero ten que dicir que eles presentaron a documentación ao pleno o pasado luns, e no día de onte apareceu unha nota nos medios de comunicación dando contestación a esa pregunta. Di que non lle parece de recibo, senón que lle parece unha falta de respecto a este pleno e ao grupo da oposición que presentou esta iniciativa e que presentou tamén a moción no mes de febreiro. Aos plenos hai que ir para informar e debater, e non é cuestión de que o luns se presenten as iniciativas e onte se lles conteste nos medios de comunicación. O que o Sr. alcalde está a dicir, estáselles a contestar nos medios de comunicación. Pide un respecto aos grupos e a esta institución, a este pleno, porque non é a primeira vez que ocorre isto, por iso pide que non se repita.

O Sr. alcalde dille ao Sr. Taibo que el pode dicirlle o que queira, pero que os medios de comunicación e os xornalistas son moi libres de facer as reportaxes hoxe, mañá, pasado, ou cando queiran. Dille que o día 12 de marzo, non onte, senón o 12 de marzo, e precisamente tróuxoo porque sabía que o ía picar por ese tema, na información do día 12 de marzo en *La Opinión*, xa poñía iso, exactamente o mesmo que poñía o xornal que o Sr. Taibo trae hoxe, exactamente o mesmo. Di que el non respondeu ás preguntas no xornal, o xornal foi o que se quixo enterar como ía o tema da feira e non sabe como fixo, pero isto xa estaba publicado o 12 de marzo, e a cuestión é á mesma.

Conclúe dicindo que el non estaba respondendo á pregunta do Sr. Taibo, porque o día 12 de marzo non a fixera.

Don Luis Miguel Taibo Casás explica que el se remite ao que din os medios de comunicación no día de onte, e aparece a mesma resposta que o Sr. alcalde lle está dando agora. O único que el pide é un respecto ás iniciativas dos grupos, e na noticia o pon moi claro, fala deste mesmo venres, e fala de inmediato.

O Sr. alcalde di que xa lle dixo que el non ten nada que ver.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que á parte diso, o pasado xoves tiveron unha xunta de voceiros, na que tamén se lles podía ter comunicado que para tal data a feira viña para arriba. O Sr. alcalde xa lles podía ter informado deste tema na xunta de voceiros, porque había unha moción pendente, e a moción o que requería era iso, dilixencia neses temas, ou pregunta se xa non se lembra do que poñía nos acordos que tomaron na moción.

O Sr. alcalde volve dicir que o Sr. Taibo segue facendo das preguntas debates, como se foran rogos, pídelle que faga un rogo, que é máis fácil. El contéstalle o que lle contesta, e pídelle que non lle fale da xunta de voceiros, porque entón el vaise remitir á acta do mes de marzo, onde deron conta de que estaban elaborando o plano para distribuír os postos. Na xunta de voceiros deron conta diso, e estará na acta, e tamén que despois se sacaría a licitación. Nesa reunión non deron data, é verdade, pero dixeron que agardaban que no mes de maio estaría a feira arriba, iso si que o dixeron. En todo caso, volve dicir que seguen facendo un debate, cando isto segue sendo unha pregunta.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que seguen co debate, pero é porque eles non saben como se van ordenar os postos na feira de Cambre, non saben como se vai tramitar o tema da limpeza na feira de Cambre, cuestión que lle preocupa a moita xente, porque aquí hai traballadores do servizo de limpeza, por exemplo, e teñen que saber a súa ordenación. Di que o equipo de goberno non lles explicou nada diso, e ese foi o sentido da moción, hai que darlle trámite á moción.

Con respecto a que fan un debate dunha pregunta, dille ao Sr. alcalde que eles presentan o que queren, presentan rogos, presentan preguntas ou presentan mocións. Son libres de presentar o que queiran e, efectivamente, o Sr. alcalde ten o poder e máis a autoridade para cortalos cando estime conveniente.

2ª Segundo informacións da Federación Galega de Municipios e Provincias, 94 concellos de Galicia denuncian os abusos das compañías eléctricas, queixándose de que as empresas cobran “*de máis*”, motivo polo que solicitaron unha mediación, sen descartar recorrer á vía xudicial para denunciar as irregularidades.

O Concello de Cambre non é alleo a estas ou outras prácticas similares, que xa foron motivo de problemas en diversos pagos. Segundo declaracións dos responsables da FEGAMP, a incidencia que máis se repite son as facturas estimadas e o consumo habitual, acumulación de varios meses na mesma factura e fóra de prazo.

Tendo en conta as denuncias do órgano representativo dos concellos e entes provinciais de Galicia, o noso grupo pregunta se Cambre se ten sumado a esta iniciativa, ou do contrario estiman que non existen motivos para sumarse a esta mediación?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que en Cambre contan cun programa no departamento de Servizos, e o control que fan sobre a facturación de Fenosa, en resumo, vén funcionando da seguinte forma: as facturas de Fenosa chegan a Intervención, este departamento rexístraas de entrada, asígnalles un número de factura, e seguidamente dá traslado á sección de Servizos para comprobación e para a súa sinatura, se procede, tanto polo técnico municipal como polo concelleiro de Obras e Servizos.

Di que na sección de Servizos hai unha auxiliar que rexistra nunha base de datos toda a información contida en cada unha das facturas, número de factura, a data de emisión, período de facturación, o importe e as lecturas. Esta información permítelles facer un seguimento do consumo eléctrico, permitindo detectar facturas duplicadas, consumos excesivos respecto do período anterior, solapamento en períodos de facturación, períodos de facturación superiores ao que legalmente poden facturar, períodos nos que falte facturación, etc. Di que todo ese tipo de incidencias detectáronse dende que se leva o control con esa base de datos, e polo tanto, con ese control poden, cando atopan algunha deficiencia, reclamar de Fenosa a correspondente aclaración, dependendo de cal sexa a incidencia, e mentres tanto nin se asina nin se paga. Está controlado o tema con bastante rigor.

Dona M^a Olga Santos López, de EU, manifesta que, realmente, non lle está contestando á pregunta. Di que a FEGAMP enviou 315 cartas a 315 municipios de

Galicia, a iniciativa de alcaldes de Corporacións que detectaron erros, grandes erros e grandes problemas económicos que derivan deses erros, nas facturas de electricidade, por exemplo, a facturación estimada non é que se detecte por parte de Intervención ou no proceso que o concelleiro acaba de describir, é dicir, se nun núcleo rural falta un contador, que saben que hai diferentes puntos nos que non hai contador, a factura estímase, se non hai contador non se contan os quilowatt, senón que se estima o consumo, é dicir, ten que haber unha factura estimada, e esa estimación faise con base no que inicialmente decida a compañía, pero non con base nun consumo real, porque non hai contador. O Sr. concelleiro tenlle que recoñecer que determinados tipos de problemas que se denuncian ante a FEGAMP para que faga esa mediación coas compañías eléctricas, existen no Concello de Cambre dende o momento en que hai puntos nos que non hai contador.

Conclúe dicindo que non lle contesta se pensaron en sumarse a esa mediación, non sabe o Concello de Cambre recibiu esa carta, e no caso de que a recibira, querería saber en que se basean para non unirse a esta iniciativa, partindo do exemplo que lle puxo da ausencia de contador en determinados núcleos rurais.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que, efectivamente, hai algúns puntos soltos por aí, polo rural, que non teñen contador, que son consumos estimados, xa están de sempre, e son consumos referidos a puntos de luz únicos, concretos. Di que iso non se vai contabilizar no concello, o que se contabiliza aquí son aqueles consumos que están con contadores e que poden dar lugar, ás veces, a erros na facturación, de feito todos os meses cando vén a facturación el ve que hai anotacións e peticións de explicacións a Fenosa por diversos temas.

Di que, en principio, non tiñan previsto entrar nese tema coa FEGAMP, xa que entenden que co que teñen controlan suficientemente ben o asunto.

Dona M^a Olga Santos López manifesta que, se lle permite, discrepa co asunto, porque parece que lles queiran facer tontos.

Intervén o Sr. alcalde para dicirlle á Sra. concelleira que acaban de aprobar un Regulamento orgánico municipal, pero eles seguen convertindo as preguntas en debates. Ela fai unha pregunta, contéstase, el permítelle que replique, volve contestar o Sr. Marante, e ela segue coa pregunta, como se isto fora un rogo, e de seguir así terminan mañá.

El simplemente lle di que ela fixo unha pregunta, o concelleiro contestouna, e ela estará de acordo ou non, pero que mañá vaia a Obras e Servizos, colla á enxeñeira e lle pregunte que puntos non teñen luz, porque o que trouxo ao pleno foi unha pregunta e o concelleiro responsable xa respondeu, e aí acabou, non hai máis, porque se el lle permite, ela volverá incidir, o concelleiro tamén outra vez e non acabarán o día. Di que é unha pregunta e que está tipificada no Regulamento orgánico municipal, ou pégúntalle se non é así.

Dona M^a Olga Santos López manifesta que soamente dúas cousas, que agarda que sexa tan exquisito, eles dende logo van selo, na aplicación do regulamento, dende

logo ten toda a razón, e segundo, anticipálle ao Sr. Marante que o vai traer como rogo para o seguinte pleno.

O Sr. alcalde manifesta que está ben, pero que el é permisivo, non exquisito, é permisivo porque, se se atinxe ao regulamento, a Sra. concelleira pregunta, o Sr. Marante contesta, e acabouse. Di que el é permisivo, que lle permite que repregunte, nada máis.

Conclúe dicindo que non hai máis preguntas, e que quere darlle as grazas pola súa asistencia ao público, así como polo seu ánimo cando entrou no salón de plenos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e cincuenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

M^a Luisa de la Red Ampudia